


Xestión da entrada

Se seguiches o manual anterior de Planificación avanzada esencial, lembrarás que conseguimos que todos os participantes teñen que ser aprobados antes de entrar na sala. Iso permite cubrir aspectos como que unha vez botado non poida volver a entrar se e que nos non queremos. Pero claro, todo ten un prezo, e neste caso o prezo é que teremos que ir aceptando aos usuarios na sala.


Para iso unha vez que iniciamos a reunión (ver os manuais de conectar a reunión con PC e o de Elementos de control Básicos) temos que abrir o panel de participantes. Veremos que aparecerá unha banda laranxa que nos indica que usuario quere entrar e deixaranos admitir a súa entrada á sala ou ben eliminar a petición (a través da X que aparece á dereita).




O mesmo pasará cando unha vez dentro o participante, premamos sobre el co botón dereito e o mandemos o lobby.

Compartición de contidos


No anterior manual bloqueamos a acción de compartir por parte dos participantes, pero pode ser que ao longo da presentación teñamos que permitirllas compartir contido. Para iso teremos que ir o menú principal (arriba) e na opción de participantes premer en “Cualquiera puede compartir”, deste xeito os participantes poderán iniciar a compartición de calquera dos programas que teña abertos ou abrir uns novos.



Pode ser que por algún motivo o participante non saiba ou non queira dete a compartición (é sinxelo xa que na parte superior existe unha barra que permite realizar accións sobre o contido compartido, entre elas o de parar de compartir).



O organizador da reunión non ten unha opción directa que lle permita deter a compartición de contidos dun participante (salvo botándoo da xuntanza), pero existe un pequeno truco e será o de iniciar el (o organizador) a compartir contido, deste xeito eliminarase a compartición do participante e activarase a do administrador da reunión.



Nota: Date conta que isto é en realidade un pequeno “truco” para poder evitar unha falla de funcionalidade, unha vez que o coordinador comeza a compartir pode deter o uso compartido de novo e así voltar ó formato de vídeo anterior.